

BANDO

PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA)
2024_LIÑA 3, ACTIVACIÓN DO EMPREGO.

Marta Giráldez Barral, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Meis (Pontevedra)

FAGO SABER:

A Deputación de Pontevedra concedeulle ao Concello de Meis, na súa sesión ordinaria da Xunta de Goberno do 23 de febreiro de 2024, unha subvención por importe de **106.572,66 €** con cargo ao PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024_LIÑA 3, ACTIVACIÓN DO EMPREGO, para levar a cabo a contratación de 8 persoas desempregadas que reúnan preferentemente os requisitos establecidos na Base Cuadraxésima Primeira do Capítulo III do citado plan (BOPPO nº3, do mércores 3 de xaneiro de 2024).

Os contratos levaranse a cabo en dúas quendas, a xornada completa, e as ocupacións que se van a solicitar ao Servizo Público de Emprego de Cambados nos vindeiros días son as seguintes:

	OCUPACIÓN	Nº POSTOS	DURACIÓN	CÓDIGO OCUPACIÓN
1ª QUENDA	Fontaneiro/a	1	7 meses e 14 días	7221
	Peón obras públicas en xeral	3	7 meses e 14 días	9601
	Peón forestal	1	7 meses e 14 días	9543
2ª QUENDA	Albanel	1	7 meses e 15 días	7121
	Electricista	1	7 meses e 15 días	7510
	Pintor/a	1	7 meses e 15 días	7212

Tódalas persoas interesadas nesta convocatoria deberán comprobar a situación da súa inscrición no Servizo Público de Emprego de Cambados.

Documento asinado electronicamente.

